



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/4	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	5 de abril de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:40 ata as 21:30 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria accidental</b>	M.ª JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIAA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

### Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMÁN SUÁREZ PORTO	NON
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE MARZO DE 2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de marzo de 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Expediente 3686/2017. PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA PARA DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS (OVEEL), ASÍ COMO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2017-0233 (APROBATORIO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2017)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 14/03/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que a liquidación do Orzamento do exercicio 2017 é aprobada polo Decreto da Alcaldía nº 2018-0233, do 28 de febreiro.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Visto que, dende a Intervención municipal, considérase necesario, en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da Corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL).

#### **DÁSE CONTA DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

**1º.-** Comunicación de rendición da información, en tempo e forma, na OVEELL dos planes orzamentarios a medio prazo para o período 2019-2021, segundo o establecido no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

**2º.-** Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, con motivo de rendición da información, en tempo e forma, na OVEELL dos Planes orzamentarios a medio prazo para o período 2019-2021.

**3º.-** Decreto da Alcaldía nº 2018-0233, do 28 de febreiro, polo que se aproba a liquidación do orzamento municipal 2017 (Expediente 1018/2018).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 16 E O 28 DE FEBREIRO DE 2018 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os 16 e 28 de febreiro de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-175 ao número 2018-235 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 1 E 28 DE MARZO DE 2018 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 28 de marzo de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-236 ao número 2018-359 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Inicia a quenda de rogos e preguntas a **Sra. Belén Louzao**, voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, dicindo que, debido á quita de competencias ao Pleno, celébranse sesións valeiras, como a de hoxe.

Continúa pregando que sexa incluída a moción presentada polo seu grupo e pola que se pide que se solucione o problema do voto telemático ou adopción doutras medidas que permitan participara aos/ás concelleiros/as nas sesións dos órganos colexiados en caso de permisos por maternidade ou paternidade, ou en casos tamén de baixas por maternidade ou enfermidade grave. Polo dito, espera que sexa tratada a nomeada moción na maior brevidade posible, ao igual que outras pendentas.

Así mesmo, fai unha proposta de mellora social, consistente na dotación de espazos adecuados e suficientes para o aparcamento das persoas con minusvalía e daquelas con dificultade de mobilidade, espazos que contén con cubertas, considerando que existen espazos para a creación destas prazas de aparcamento especial e que non suporían demasiado custo para o Concello. Con respecto a esta proposta, aclara que se vai a elaborar unha moción para que sexa tratada na correspondente Comisión Informativa, pedindo que se lle informe sobre a cal debería dirixirse e que, unha vez presentada, se convoque á maior brevidade posible, pedindo, así mesmo, contar co apoio de todas as forzas políticas municipais.

Pregunta, en relación aos derrubes das edificacións afectadas pola ampliación dos Xardíns municipais, quen se encarga da reciclaxe do material e escombros provenientes das demolicións, xa que descoñece se se encarga a empresa que está realizar os traballos ou é o Concello o que se encarga directamente.

Resposta o **Sr. Alcalde** que o proxecto de demolición das edificacións existentes dentro do terreo para ampliar os Xardíns é dirixido polos técnicos municipais, encargándose a empresa adjudicataria dos traballos de derrube e da xestión dos residuos, escombros e materiais resultantes dos nomeado traballos. Informa que é coñecedor de que os anteriores propietarios da casa que se está a demoler nestes momentos falou coa empresa responsable para poder quedarse coa pedra da vivenda demolida, aclarando que o resto do entullo vai a parar ás plantas de verquido e reciclaxe, xa que practicamente nada ten moito valor, salvo as uralitas (amianto) que necesitarán dun tratamento e retirada especial, ademais dos permisos correspondentes.

Pregunta a **Sra. Belén Louzao** se se sabe cal é a planta á que se vai a levar dito escombro.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que supón que a dirección de obra o saberá (técnicos municipais), sen embargo, traslada que a familia anteriormente propietaria da vivenda derrubada púxose en contacto coa empresa que fai os traballos de derrube para negociar o quedarse coa pedra da dita edificación.

A **Sra. Belén Louzao** manifesta que lle gustaría contar coa información referente a que planta se vai a levar o escombro dos derrubes, preguntando quen integra a dirección de obra para poder preguntar sobre este tema.

O **Sr. Alcalde** resposta que a dirección de obra está formada polo Arquitecto e o Aparellador municipais.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dña. Mar Blanco**, para facer unha serie de preguntas en relación coas actuacións que ten que facer o Concello con respecto á situación problemática que están a vivir os/as veciños/as de Ramirás dende hai 30 anos, pero antes quere poñer en valor o comportamento exemplar destes/as

cidadáns ante a situación que están a sofrer, tendo en conta as múltiples denuncias levadas a cabo sen resposta, polas que souberon exixir os seus dereitos dentro do marco legal, ao mesmo tempo que piden pola saúde do seu veciño, o cal vive en condicións infrahumanas. Continúa dicindo que é difícil entender como se pode tardar dez anos en declarar a vivenda como ruína despois do incendio que sufriu, permitindo que estea habitada; non entende que dende outubro do 2015, cando se declarou en estado de ruína, non se actuara, impondo tan só unha multa coercitiva, sen adoptar as medidas cautelares establecidas en materia de seguridade; a esta respecto pregunta se xa se impuxo a segunda multa coercitiva.

Por outra banda, en relación ao tema anterior, pregunta se, dende o departamento municipal de Servizos Sociais, se está a levar a cabo algunha actuación para a protección do ancián que habita na dita vivenda.

Tamén pregunta se se lle exixiu ao propietario do inmovible o aboamento da cantidade correspondente aos traballos de retirada dos refugallos acumulados ao redor da edificación, traballos realizados subsidiariamente polo Concello.

Así mesmo, a Sra. Blanco lembra que na sesión plenaria de febreiro, cando os veciños interviron na mesma para trasladar as súas queixas e demandas ante este problema (entre elas a invasión polo veciño en conflito dun camiño), o Sr. Alcalde lles prometeu proceder á reapertura das cunetas e arranxar dito vial con formigón, polo que pregunta se esta actuación xa se fixo.

**O Sr. Alcalde** lle resposta que hoxe foi remitido á Deputación Provincial o proxecto de asfaltados de camiños, entre o que se atopa o arranxo do vial mencionado, ao abeiro do cordado cos veciños de Ramiráns, esperando que dita obra se atope realizada a finais do verán.

Por outra banda, di que se lle notificou ao veciño en cuestión para que procedera á demolición da súa edificación, imponéndolle unha multa coercitiva, e dito veciño se presentou nas oficinas municipais para falar cos técnicos responsables, os cales lle aconsellaron a elaboración dun proxecto de demolición e nova edificación e hai técnicos que están a elaboralo en comunicación cos municipais; polo anterior, considera que a notificación da multa coercitiva tivo efecto, entendendo que o ritmo destes procedementos é lento e non satisfai aos demais veciños afectados, pero a administración ten que respectar os prazos legais. Aclara tamén que, a pesares da predisposición do veciño para acatar a orden, se seguirá enviando as multas coercitivas cada tres meses, co incremento económico que corresponda.

No que se refire ao tema da limpeza, di que é sabedor que houbo bastantes problemas para cuantificar o custo dos traballos da retirada dos entullos existentes ao redor da vivenda, e os técnicos municipais calcularon un valor estimado de 5.000,00 €, e o expediente correspondente se está a tramitar polo servizo de disciplina urbanística, aclarando que neste momentos hai sobre trescentos expedientes desta categoría por tramitar e unha soa persoa para elo, a cal está de baixa xa fai tempo por cuestións persoais, ademais hai cuestións máis urxentes e importantes por solucionar; isto non quere dicir que non se tome en serio a cuestión que estamos a tratar, de feito lévase tres anos con este tema seguindo os trámites legais establecidos, considerando que se avanzou moito máis que outros expedientes de disciplina urbanística similares.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que se está a traballar para dar solución a este problema, pero pide que se entenda que se trata dun problema moi desagradable e moi difícil de tratar.

En relación á pregunta sobre se dende Servizos Sociais se está facendo algo para a protección do ancián que habita na casa derrubada, contesta que este departamento estase enfrontando a diversos problemas para prestar a axuda que necesita esta persoa, exemplo de elo e que cando se quixo entrar na súa propiedade para limpar, houbo que pedir permiso ao Xulgado, o cal tardou meses



en concedelo. En definitiva, para realizar calquera actuación, sexa de axuda ou outra, necesítase da autorización previa do Xulgado, xa que o nomeado señor négase voluntariamente, de feito intentouse pola vía de incapacitación e non foi posible, xa que a xustiza considera que esa persoa non está incapacitada, e todo elo se resume en moitas limitacións á hora de realizar calquera tipo de actuación dentro da súa propiedade.

Remata dicindo que sabe que non é fácil para os veciños entendela, pero quere trasladar que o grupo de goberno toma este problema en serio e está traballando para darlle unha pronta solución.

A **Sra. Mar Blanco** prega que se interceda para que se constrúa unha Base do 061 anexa ao novo Centro de Saúde, iniciativa plantexada polos propios técnicos deste servizo co gallo de melloralo.

O **Sr. Alcalde** lle responde que esta solicitude xa se fixo xunto coa creación dun heliporto e outras máis cando se elaborou o plan funcional e antes de pechar o proxecto construtivo, e o SERGAS valorou estas peticións, aceptando algunhas e outras non, entre as non aceptadas atópase á da Bases do 061; aclarando que unha das premisas do SERGAS é non incluír en ningún edificio destinado a centro de saúde bases do 061, e non temos capacidade para influír ou cambiar as decisións deste organismo. Continúa dicindo que nós temos a sorte que a Base principal está moi preto do centro de saúde.

A **Sra. Mar Blanco** lembra que na prensa publicouse que a propia Xunta anunciou a instalación dunha Base do 061 no centro de saúde de Lalín.

Con respecto ao dito polo Sr. Alcalde de que a Base do 061 na Estrada está agora cerca do Centro de Saúde, aclara que a Base normalmente cambia de sitio; de todos xeitos considera que se trata dun tema o suficiente importante como para intentalo por todos os medios posibles.

Seguindo na súa queda de rogos e preguntas, di que lle gustaría saber cal foi o custe da edición do libro "Programa Especial Semana Santa", xa que no Orzamento en vigor a partida contemplada para a Cofradía da Santa Cruz é de 3.000,00 €, polo que pregunta se o Concello fai algunha outra aportación con destino á promoción de eventos relixiosos.

Insta que se traballe na dinamización e promoción dos recursos turísticos, pero sen fomentar ningunha relixión.

Tamén lembra a existencia de tres compromisos básicos adquiridos coa asociación Entre as Pontes (en relación coa ponte de Pontevea), consistentes na colocación de contedores de lixo, activación de tres pontes de luz e adecentamento da pista de terra para o acceso á praia de Barcala; compromisos que aínda están sen cumprir despois dun ano.

Intervén o **Sr. Alcalde** para responder, en primeiro lugar, con respecto ao Programa de Semana Santa, que no Orzamento en vigor está contemplada unha subvención nominativa a favor da Cofradía da Santa Cruz por importe de 3.000,00 €, non existindo ningún outro tipo de colaboración por parte do Concello na elaboración do amentado libro; aínda que, ao igual que con outras asociacións, existe unha colaboración do Concello no que respecta ás organizacións de eventos mediante a actuación policial ou peche de rúas, pero nada máis.

No que respecta ao tema da ponte de Pontevea, di que é verdade que existen uns compromisos adquiridos, de feito fai quince días houbo unha reunión para traballar no plan director para a recuperación do entorno fluvial dende Couso a Paradela, cuxo elemento esencial é a ponte de Pontevea, en colaboración co Concello de Teo, Deputación de Pontevedra e Deputación da Coruña, esperando que estea pronto rematado para presentar á Comisión de Valoración da EDUSI.



Di que outra actuación que quere destacar dentro do proxecto "Estrada Verde" pola súa importancia é a adecuación do entorno do Río Liñares en dirección a Curantes, pasando pola ferverza de Callobre.

A **Sra. Mar Blanco** di que, mentres non se executa o proxecto mencionado, deberíase dar cumprimento aos compromisos básicos adquiridos e nomeados anteriormente, pedindo que se leven a cabo o máis pronto posible.

Contesta o **Sr. Alcalde** que o farán, salvo no que refire ao alumado, xa que entra dentro da actuación a realizar con cargo ao proxecto "A Estrada Verde" do EDUSI.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para intervir en calidade da Presidente da Asociación de Mulleres Rurais de Matalobos, preguntando se ten que entrar como público ou non, pero o fará despois doutra persoa do público que quere intervir.

DENTRO DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁN, INTERVEÑEN AS SEGUINTE PERSOAS DO PÚBLICO:

**Dña Amalia Fernández Prieto (DNI 32783758H):** Comeza a súa intervención, en relación coa problemática a vivir polos veciños de Ramirás - Sto André de Veá por causa doutro veciño e do que xa falou anteriormente a voceira de MÓVETE na súa intervención, pedindo que, como parte afectada e interesada, se lles transmitan os avances que existan no procedemento iniciado contra dito veciño, D. Manuel Cora, xa que son descoñecedores das actuacións que se están a facer ou, pola contra, se non se está a facer nada por parte do Concello, téndose que ver obrigados a vir aos Plenos para poder intervir, preguntar e que o Alcalde responda. Continúa manifestando que, cando menos, se lles debería ter informados, por ser partes afectadas.

Por outra banda, manifesta a súa dúbida sobre que se estea cobrando as multas coercitivas dirixidas ao dito veciño; xa que na última notificación que se lles mandou no mes de decembro se lles comunicaba que lles sería facilitados os xustificantes do cobramento da recollida dos refugallos retirados subsidiariamente da vivenda afectada así como das multas coercitivas, sen embargo, a día de hoxe, non recibiron nada.

No que se refire á declaración de ruína da vivenda en cuestión, a Sra. Fernández Prieto asómbrase do dito polo Sr. Alcalde sobre que se lle está dando ao propietario outro prazo para ver se vai a facer actuacións sobre a edificación derrubada, despois de haber informes de carácter urbanístico e xurídico declarando a vivenda en ruína total (económica, urbanística e administrativa), dándolle ao propietario un prazo dun mes para a execución; ante o anterior, considera que aos demais veciños se lles está enganando e camelando con palabras bonitas, observando que non existen avances senón retrocesos, a pesares de que entenden os prazos legais. Di que non entende o por que se lle seguen dando prazos de execución cando xa debía estar executado por parte do Concello.

Lembrando o dito polo Sr. Alcalde sobre que hai moitos expedientes de disciplina urbanística por tramitar, lle pregunta se con todos eles se corre o mesmo risco, porque a ela lle pode caer unha parede da vivenda dese home na cabeza (xa que linda coa súa casa) ou a calquera outro veciño que pasen polo camiño, polo que considera que se trata dun expediente urxente.

Tamén pide que todos eses avances que se lle din que se están a facer na tramitación deste procedemento consten nunha acta, porque as verbas as leva o vento, ademais dende a súa intervención no mes de febreiro ata o día de hoxe non veu ningún tipo de actividade nin avance, considerando que, con respecto á casa, todos os prazos están máis que dados. Ademais, considera que as multas



coercitivas que se lle impoñen a ese señor non surten ningún tipo de efecto, sendo necesario que se obre por parte do Concello.

O **Sr. Alcalde** toma a palabra para dicirlle á Sra. Amalia Fernández que se quere algún tipo de información sobre este tema ou do procedemento, ten que presentar a solicitude por escrito no rexistro de entrada do Concello pedindo que se lles notifique calquera actuación como interesados no procedemento e dirixido ao departamento de Urbanismo.

Por outra banda, aclara que é Alcalde, non arquitecto, nin técnico, nin administrativo, e a información que lle está dando é aquela que lle facilitan os ditos traballadores e que son os que saben os trámites e prazos a seguir, e, dende logo, non vai a caer en prevaricación, sendo o único que pode facer o dar ordes para dar prioridade ao tema. Neste orde, se o propietario da vivenda declarada ruína presenta en prazo un proxecto de consolidación, nós temos que darlle trámite de audiencia e abrir o procedemento que corresponde, guste o non guste.

Dí que entende a situación e lle gustaría darlle unha pronta solución, pero non pode, xa que hai que cumprir coa legalidade na tramitación dos procedementos a seguir, contando tamén coa sobrecarga de traballo que teñen os traballadores municipais na actualidade. Aclara que todas as decisións políticas que se tiñan que tomar, tomáronse e máis non pode facer (volve, a numerar os pasos dos procedementos a seguir en relación co expediente de disciplina urbanística, reiterando o dito na contestación á Sra. Mar Blanco).

Con respecto á delimitación do camiño, trátase dunha actuación diferente á declaración de ruína da vivenda, é dicir, dun procedemento totalmente diferente, e, como dixo anteriormente, vai incluído nun proxecto de arranxo de camiños que se executará en breve.

Finaliza dicindo que este grupo de goberno o está tomando en serio e está a facer todo o posible para resolvelo o antes posible e da mellor maneira.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao Vieites (DNI 44827857Y)**, en representación da Asociación das Mulleres de Matalobos, dicindo que é sabedora que o Concello vai a levar a cabo un proxecto de reforma de escolas unitarias (utilizadas por diversas asociacións para levar a cabo diversas actividades comunitarias, en colaboración co Concello); con respecto á escola de Matalobos, está composta por varios edificios e varias entidades os comparten, en concreto a Asociación de Mulleres e outra da parroquia comparten dúas edificacións da escola e que se atopan nun estado lamentable, estado do que é sabedor o Concelleiro D. Juan M. Constenla Carbón dende a súa visita no mes de decembro de 2016, data na que transmitiu a súa vontade de que o arranxo desta escola se contemplara no Orzamento do 2017, sen embargo non se fixo ningún tipo de actuación, chegando a este ano 2018, ano en que se elabora un proxecto para reformar varias escolas unitarias e no que non se contempla a de Matalobos (a pesares da solicitude presentada dende o 2016). Ante o manifestado pregunta cal é o procedemento que se debe seguir para que o grupo de goberno tome en serio a petición da asociación para que sexa enviado un técnico e valore a situación da edificación e a necesidade ou non de que se proceda ao seu arranxo e se inclúa dentro do proxecto mencionado.

Aclara que se trata dunha parroquia moi activa, e que nas instalacións da escola unitaria fanse moitas actividades, polo que considera que é imprescindible a reparación das distintas instalacións ou edificios que a forman.

Resposta o **Sr. Alcalde** que o feito de que no proxecto elaborado dentro do Plan Concellos para a reforma de escolas unitarias so inclúa sete delas, non quere dicir que soamente se vaian a arranxar esas en concreto, xa que a intención do grupo de goberno é reparar outras máis; a explicación de que se inclúan estas e non





outras é porque reúnen as condicións para que sexan arranxadas coas brigadas municipais actuais; sen embargo, cando sexan contratadas as novas brigadas se procederá a realizar as demais actuacións pendentes e das que toma boa nota o Concelleiro Sr. Constenla. Polo tanto, non é que non se vaian a acometer arranxos doutras instalacións ou escolas que non vaian neste proxecto, senón que se acometerán con cargo a outros distintos e que esperan que se executen durante o presente ano.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas trinta minutos.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**